

# Entrevista

## Vicente Araguas

Ana CIBEIRA

Eu non escribo nunha lingua morta  
Porque non é unha lingua morta  
(Vicente Araguas)

—Ana Cibeira: Boas tardes Vicente. Para comezar, quixera saber se ti queres resumir a túa traxectoria en pouquiñas verbas... Eu diría Poeta, e esta parécese que engloba todas as demais materializacións do teu traballo (literario): narrador, crítico, tradutor e cantautor. Como o ves ti?

—Vicente Araguas: Bon día, Ana. Poeta... Iso quixen ser de entrada, non porque o vise máis doado, que nin tan sequera, senón porque tiña dentro non sei que loitando por chegar a non sei onde e alá, no fondo da miña paisaxe, había unhas liñas que se ían dispoñendo tipograficamente a xeito de poema. E logo viría todo o demais, certo. E se non foi así ben poidera ter sido, penso.

—A. C.: Cóntanos un pouco como te ves profesionalmente na distancia. Soubeches sempre “o que querías ser”, ou como se conformou esta idea? Tiveches apoio ou como o buscaches (referentes persoais e/ou artísticos)? Se cres na necesidade dun “cuarto propio”, como creaches o teu?

—V. A.: Si, si, sempre souben o que anseiaba ser. Lector e escritor (non entendo o un sen o outro). E a miña vida, xa que logo, viña (vén) ultrapasada pola literatura. E a música ao fondo. Porque fun tamén músico. E volverei selo, que “il lupo perde il pelo ma non il vizio”, xa sabes. ¿Apoios? A literatura é un oficio solitario. Un pracer. Xa que logo os apoios, libros, revistas, películas, ¡imaxes!, terás que procuralos ti soíño. Cal o acto da escrita. Logo está todo ese mundo literario que te arrodea e axuda, colegas, editores, xente que te entrevista (coma ti); pero no teu cuarto, diante do papel, ti es un lobo senlleiro. ¿Cuarto propio? Ás veces. Non sempre. Procurando que a poesía (volvemos ao de antes) non faga do teu cuarto de escribir o derradeiro de Pavese no Hotel Roma, de Turín ou o de Marco Pantani no Hotel Le Rose de Rimini. Pantani non escribía, seino, mais a soidade



do ciclista é a do escritor, ou a do corredor de fondo de Sellitoe, unha das miñas referencias, tamén na película de Ralph Richardson.

—A. C.: Con respecto tamén á creación en xeral, veste como un monstro de varias testas ou como unha testa da que nacen varios monstros? E como organizas o día a día en función deste látego pracenteiro que é crear? Dominante as tarefas obrigatorias –necesarias– (gañar o pan, relacionarse, decansar...), ou polas ti a raia segundo che pida a arte?

—V. A.: Todo o mesmo. A miña poesía pode ser narrativa, e a miña narrativa, lírica. E iso digo tamén da ambivalencia dos artigos de prensa, cinco mil escritos xa. Organízome con vontade estética e disciplina ética. Das seis da mañá ás once da noite en que fago “plof” e entro na paisaxe onírica, polo demais tan creativa. Pero ao serán tiven tempo de nadar mil quiñentos metros de promedio. Eis onde me recupero e refago. Tamén das clases que explico e as viaxes escolares. Lírico-épicas en todo caso, si.

—A. C.: Entrando xa en materia musical e sobre *Voces Ceibes*, algo que poidas engadir

**dende o 91? Virá ese anunciado *O que non contei en Voces Ceibes*? Será ese o libro sobre o 68 en Santiago que querías escribir?**

—**V. A.:** Debera de vir, debera. Rematado está e listo para ser editado. Con efecto é un engadido a aquel *Voces Ceibes* do 91. Así e todo, aínda manca na miña obra o libro do meu 68 santiagués. Unha novela, se cadra, porque ensaios sobre o choio xa hai moitos, un deles (parcialmente) o libro que eu escribira ao redor do grupo de canción do que fun parte (e xuíz). Por certo, veño de recoller en Moaña o Premio Patrimonio Musical de Galicia. Cólleme, talvez, co paso cambiado, mais con ganas de volver facer rodas cadradas, como na canción de Quico Pi de la Serra, aquel craque e amigo, colega da canción, e autor de *L'home del carrer*, se cadra o cumio máis outo da cantautoría militante.

—**A. C.:** **Segues a compoñer e ou a escribir letras de cancións. Paréceme ben bonita e significativa que sexa un letra dunha canción —e confesareiche que eu non lle dei forma ao meu libro *Pintalabios* até que o concebín como un disco— o primeiro poema de Paisaxe de Glasgow; primeiro libro ademais... Cres que sen punk / pop / rock as que gostamos da subxectividade esfiñada escribiríamos menos ou nada?**

—**V. A.:** Iso é unha cuestión que me interesa moitísimo. De feito, a miña tese de doutoramento, “in progress”, que xa fora memoria de licenciatura, ten que ver co mundo poético de Bob Dylan. Acontece que poema e letra son dúas cousas ben diferentes. Raro é o caso da letra que admita lectura exenta da música. E aínda así hai referencias ou rustrido poético nelas; nas boas, quero dicir. Unha letra, en fin, é un poema para dous ou tres minutos. Un poema, un poema que pague a pena, é para moito tempo. Distinto a influencia de todos esas maneiras musicais na poesía. Por suposto que si. Como o cinema na literatura. Á parte, naturalmente, o posicionamento estético do poeta. O teu *Pintalabios* é un bo exemplo de poesía “after-punk”, ben vestida de coiro, o que xa nos levaría por outros terreos, *you know*.

—**A. C.:** **Segues colaborando con músicos ou facéndolle caso á música?**

—**V. A.:** Agora teño pouco trato con músicos. Máncame o tempo, claro. Por máis que o outro

día, en Moaña, tratase con Bieito Romero da gravación por parte de Luar na Lubre do meu *O camaleón*. Á música fágolle todo o caso do mundo. Traballo sempre con música de fondo. Toda clase de música, agás “hip-hop”, “bacalao”, “house” ou similares. Aí si que vou vello, sospeito. A demais, a que ti queiras. De Schubert a Katia Guerreiro, pasando por Dylan, Cohen ou o defunto Lucio Dalla. A música, o primeiro, se me permites citar a Verlaine, porque o recén, o feto, se queres, xa están sentindo sons. Eis a nosa orixe, paréceme. A miña, sen dúbida.

—**A. C.:** **Como ves o político como motivo literario? Interésache na creación contemporánea?**

—**V. A.:** Como creador, moi pouco, como lector, depende. A política, tan desprestixiada hoxe, ten un seu aquel de trapallada, chafallada ou esperpento, que atrae a miña atención de pescador de entroidos. Por aí si que podería entrar no tema. En prosa, sen dúbida, que aí si que me reservo, líricamente falando, para albos mellores.

—**A. C.:** **Sobre o teu traballo de cantautor —cecais prefiras outro termo—, chamoume moito a atención lendo *Voces Ceibes* non só a historia da nova canción galega —que descoñecía en detalle— e a ristra de persoas implicadas no país, a loita pola identidade... Entendín que todo isto cobrou magnitude cando ti xa non vivías na Galiza; como viviches dende a distancia todo isto? Como viviches o teu desenvolvemento literario fóra da terra? Como te arranaxches para seguir na primeira liña de acción? Ten que ver con que esa xeración de amigos son tamén creadores e xente da cultura —polo tanto vén máis por ligazón persoal—, ou fixeches un consciente e disciplinado esforzo por estar á última e ser un dos protagonistas e referentes da creación e crítica literaria galega? E se é así, como o fixeches? Presentándote a premios, enviando ti textos ás editoras e aos xornais?**

—**V. A.:** A distancia é fodida, xa o vas sabendo. Mais ten tamén o reverso dunha certa creatividade, pulada xustamente pola acedume que inspira. Unha vez dixen, con certa fortuna, que os que escribimos fóra de Galicia non existimos. Cousa que manteño. E seguimos, e teimamos, testudos como formigas carretando fedellos, ata morrer no

intento. Facémolo, se cadra, porque o estar tras-terrados fai de nós o noso propio material literario. Sospeito. Con todo, eu estou aquí pero estou alá, tamén porque escribo na prensa galega. Mais non esquezo que cheguei á Galicia literaria desde Madrid, desde *Leer*, cando esta revista tiña sección galega. Así que esta foi a miña plataforma, tan paradoxal como nevar en agosto, nun curioso efecto búmerang. Antes publicara libros de poemas, certo; débada perenne con Pepe Cáccamo e seu pai, o polígrafo D. Xosé María Álvarez Blázquez.

—A. C.: **Sobre isto último, sei por exemplo que no caso da crítica Teresa Seara, foi así, por iniciativa propia. Daquela, como foi o teu desembarco nas páxinas dos xornais galegos como crítico? Interésame especialmente este “camiño” porque parece unha profesión oculta e tamén polo propio tipo de crítica que os dous facedes, dende fóra da universidade e cun estilo orgánico, preto da vida. No teu caso tamén me parece bonito e abraiante que alguén que non vive en Galiza poida traballar (con ese punto de vista, ademais) sobre as novidades da nosa literatura e o acontecer literario último.**

—V. A.: Insisto, foi *Leer*, á que cheguei da man de Nabor Vázquez Montero, fino poeta de Sande-Cartelle (Ourense), dirixida daquela por Alfonso S. Palomares, a que me abriu as portas dos xornais galegos. Ata hoxe. A crítica universitaria..., con todos os respectos para ela, non me presta nadiña. Agás se é quen –casos Anxo Tarrío, Basilio Losada, Darío Villanueva– de combinarse coa de batalla. A que eu practico. A que xorde do amor á literatura e, xa que logo, das gañas de lle botar un polvo. Esa é a crítica que practico e que me vai. Teresa Seara, tamén. E moito. Leo moita literatura galega, claro. E recibo puntualmente os libros de Xerais, Galaxia e Espiral Maior, o que me axuda inmenso nese labor recensionista, que pode (e debe) ter azos creativos (se non sería asunto aburrido, o último que desexo).

—A. C.: **Vexo que a túa bio-xeografía non só te conforma como persoa-autora, senón que a levaches tematicamente ao literario; pero a min paréceme que, máis que narrador, es un trovador (ou un xograr) que canta as lindezas da súa terra, que leva a todas partes os segredos das súas xentes, liricamente –Agora xa foi (2000), *A canción do verán* (2001), *Xuvia Neda***

**(2011)–, aínda que tamén respiran Glasgow e Madrid ao longo da túa produción literaria. Con cal dos dous te identificas máis: coa voz que narra ou co suxeito que canta? Son estas tres obras, tres pasos no camiño –que xa tamén me dirás onde queres que te leve...–, ou é un mesmo proxecto revisitado cada vez?**

—V. A.: Pois aquí discrepo sonoramente. De trobeiro ou xograr, “niente”, de narrador puro e duro, moito. Acontece que ao escribir tanto de Neda (tres libros) corro o perigo, ben o sei, de que se me poña a etiqueta localista. Se lle chamase a Neda, Campoaberto ou Mallalvento, en plan Faulkner, Onetti, Clarín ou a Pardo Bazán, outro galo me cantaría. Pero eu non teño medo –son un caralavada, asúmoo– a poñerme en pirinxolas, e portar *Xuvia-Neda* por bandeira. Así, sen complexos. Non quero máis que que todo isto me leven ao camposanto de Santa María de Neda, onde me agardan cova e epitafio (Amei, vivín, soñei/ non fixen outra cousa/ que camiñar a modo/ coa paixón do que busca/ no mundo a beleza./ Nada máis natural./ Nacín en Neda). E máis nada.

—A. C.: **Dixo Armando Requeixo de *Xuvia-Neda*: “Araguas [...] recunhou nesa visión de claroscuros dunha infancia e adolescencia nos tempos complexos do franquismo, un mundo que, como os seus relatos poñen de relevo, acabou por formar unhas xeracións en que a pegada dun territorio de silencios e sombras marcou de xeito indeleble a todos”. Estás de acordo?**

—V. A.: Pois non moito; esa crítica demostroume que o Requeixo ou non entendeu nadiña ou non quixo entender, que é peor, ficando na tona anecdótica sen afondar no libro. O Armando quixo descalificar este en plan suíña falando de neo-realidades e localismos. Ao porqué da súa agresividade, tinguida de caramelo con adicatoria, non dou chegado. Tampouco vou perder o tempo en cousa tan catifeira, francamente.

—A. C.: **Coido que a recepción deste traballo en Neda é impresionante, vista a traxectoria de actos que protagonizas aló. Algunha vivencia significativa sobre isto que queiras contarnos?**

—V. A.: Xa, pero o conto non é a recepción en Neda, que tamén, senón fora. O libro tivo moi

boas críticas en Galicia, en xeral, e venda moi considerable o primeiro ano. Agora vai saír a edición española. En Neda xa me querían antes, claro, e son fillo predilecto do concello desde 2008; e é que levo moitos anos coa bandeira de Neda nas costas e Neda na palma da man (e nunha tatuaxe no brazo esquerdo). Con Neda, en fin, teño un amor carnal e –xuraría– correspondido.

—A. C.: **“Beleza quere dicir, seguramente, trascender anécdotas, ir alén da parafernalia léxica, procurar prata (se pode ser ouro mellor) onde había terra, e así...”**, dicías sobre o libro de Xosé Abeal *Herba do tempo* aló polo ano 2000. Cres que é posíbel nestes tempos unha renovación formal e ética? Albiscas algo no horizonte? E como lector e autor que xa viu pasar por diante varias xeracións, hai algo que sempre se repite ou pode haber un renovado futuro? E se ves que o hai, pasa este necesariamente pola posmodernidade?

—V. A.: Sen beleza non che hai nada, mesmo cómpre extraela da fealdade dun tempo tan terrible como o que vivimos, de fiestras pechadas e interiores ateigados de farrapos. Por iso que a nosa resposta ten que ir por aí, contra da miseria, beleza. Diante miña vexo un feixe de escritores novos que pagan a pena. Entre eles e eu dúas xeracións históricas e tres ou catro literarias. Que se anovades? Pois claro, en timbre e concepto. Neste proceso de renovación as mulleres pintades moito. Nunha liña que vén de Xohana Torres, pasa por Luísa Castro e Xela Arias, e chega ás Veiguela, Cibeira, Puñal, Canosa e “tutti quanti” andades a rachar moldes, cada unha (cada un) desde unha beleza revolucionaria e revolucionada. A posmodernidade? Esa cousa lene e achampanada? Non che sei, que moitas e moitos de vós sodes pura tarraxe (augardente, en Cedeira).

—A. C.: **Que voces segues da poesía contemporánea, tanto da nosa literatura como das outras nas que teñas un ollo permanentemente esperto?**

—V. A.: En Galicia a moitos, de Fernán Vello, o único nome que vou salientar para que ninguén teña ciúmes, para abaixo. En España toda esa tropa andaluza, como sempre, con Antonio Carvajal no alto e Elena Medel ou Luis Muñoz na chaira. En Portugal quero falar de Helga Moreira. En Italia, de Alberto Calligaris, de quen veño de tra-

ducir *Poemas de amor para mujeres borrachas* (Huerga y Fierro). En catalán leo e admiro a Costa Pau, e dos vascos sigo, en traducións, a Felipe Juaristi. E aquí pouse na terra o papaventos que non quero abrumar a ninguén, que non son pedante (nin quero selo).

—A. C.: **Sóache familiar algo disto? Completa a liña se tes algo que engadir?**

**País, Realismo sucio, Monte negro, Luz transparente, Vermello, Humor desmitificador, memoria, Clasicismo, Leticia, Viaxes, Loita, Universidade, Lingua(s), Amor, amor, a miña estación... \_\_\_\_\_**

—V. A.: ...de chegada, e no interín un departamento que se abre e pecha ao ritmo de dous corpos que soamente fan quererse.

—A. C.: **Se para Brian Hughes, a quen adicaches 24 *Maneiras de querer a Brian*, o poeta é Cernuda, para ti é...**

—V. A.: Marcial, nestes días nos que estou enguedellado nos seus *Epigrammi*, na versión italiana de Arturo Carbonetto. Pero é que son moi namoradoiro. Outro che diría que Keats (sempre), Rosalía (máis que sempre) ou o propio Cernuda. Eu que sei! Somos unha sucesión de poetas e de poemas. Brian Hughes non era poeta, mais sabía de Cernuda e de Heaney o que ninguén sabe. Eu aprendín moito del desde aquela noite na que nos coñecemos en Glasgow. Os dous, por certo, ben peneques. Si.

—A. C.: **Está influída a túa obra polo cine? Polas imaxes?**

—V. A.: Eu diría que si, en técnica e na parte visual. Sobre todo no meu *O gato branco*, no que está unha película de David Lean, *Brief Encounter*, tamén presente en poemas de Lois Pereiro e Miro Villar. Miro fixo un estudo do meu libro quenindiola, e cando llo agradecín foi e dixo: “É que eu lin o libro, amiguiño!”. Eis a clave, nada obvia, da cuestión.

—A. C.: **Que supuxo para ti ver reeditada toda a túa poesía en *Maneiras de querer*? Chegou a máis xente? Velo como algo imprescindible para que chegue a lectores actuais que as obras estean nos andéis das librarías? Como cres que nos pode afectar aos escritores e**

**escritoras o ebook, a caída do sector libreiro, e os novos xeitos de ler pola “superficie” ou superficialmente ou tremendamente “hiperligados”?**

—V. A.: Non che sei. O mundo da poesía resulta tan peculiar que para Gamoneda nin literatura é. Literatura “comme il faut”, xa se entende. A cantos lectores chegamos cun libro os poetas, digamos, medios? Mil xa son moitos. Poñamos cincocentos. Unha poesía enteira, por definición, segue un ritmo lento; así que cho digo de aquí a vinte anos, se é que aínda me colles vivo. De paso falaremos dese tempo incerto, para todo, tamén para os libros, que se chama futuro e que entón será presente. Mais son escéptico malia o meu optimismo histórico.

—A. C.: **Para seguirmos coa literatura, ¿como vives ti a tradución, xa sexa a propia ou a das voces inglesas que traduces tanto ao galego como ao castelán? Non sei se sabes que se acaba de editar un libro antoloxía en castelán de Celso Emilio Ferreiro que non indica de onde vén a tradución... Hai un oco legal en canto ás traducións e a quen beneficia? Coñeces o traballo de *Bivir* ou as novas propostas das licenzas copyleft (tamén para a tradución)? Interésanche para difundir, cando menos, obras de clásicos, ou estás fóra do mundo da tradución e traduces por pracer, ou non por pracer pero escollido?**

—V. A.: Levo traducidos unha ducia de libros, do portugués, italiano e galego ao español, e do inglés ao noso idioma. Sempre por pracer, sempre escollendo eu os autores agás nun par de excepcións. Cobrei sempre (mal) polo traballo e o meu nome sempre estivo ao pé da tradución, así que non me queixo. Traducir é un xogo e sempre, sempre, unha falcatruada, por ben que a fagas. Claro que cómpre deseñar ben as normas do xogo, e varrer aos intrusos (tamén aos poéticos, cousa esta tan pouco doada).

—A. C.: **Onde podemos atopar as traducións que tes feito? Que queda por facer na tradución ao galego ou da literatura galega a outras linguas? Non cres que debería saír do marco da universidade e chegar a unha relación fluída coas editoriais, e non só coas castelás, senón tamén coas que editan noutras linguas de fóra e dentro da Península máis desprexuízadas para o galego?**

—V. A.: Nas bibliotecas, supoño, que *As aventuras de David Balfour*, *Retrato do artista cando novo* ou *Traballo de campo* están xa descatalogadas; e no caso do libro de Heaney feitas polpa, moito me temo. Eu mesmo teño traducido ao español *Galván en Saor*, de Darío Xohán Cabana, sen éxito algún malia a fermosura da novela. Non, o mercado español, quitando a Rivas, De Toro, Fernández Paz e algún narrador infantil-xuvenil, non nos queren nada. Fóra? Quen, como, cando? Para promocionar todo isto fan falla cartos e estes, xa sabes, non van ser para a Cultura en moito tempo. Así que, como diría miña madriña: “límpate que estás de ovo”.

—A. C.: **Ten sentido traducir os portugueses ou ser nós traducidas ao portugués? Por exemplo, Marilar Aleixandre, Xurxo Borrazás, Xavier Queipo, Gonzalo Navaza están editados na *Deriva Editora*. Ocorréselle como apertar lazos literarios con Portugal sen ter que pasar por este tipo de estrañamento que nace dos devires políticos?**

—V. A.: Ningún. Máis aínda, iso é pecado nefando. Mais os portugueses, o lector medio, non quere libros en galego. Que os nosos tampouco queiran os portugueses en versión orixinal xa me parece entroidada.

—A. C.: **Como ves a evolución da lingua –dende a túa experiencia persoal– vivindo fóra? Sentes que te afastas do galego, ou ao traballar na lingua escribindo (en realidade, como docente do inglés, en diversas linguas día a día) non hai arredamento ningún? Sempre nos quedará Portugal?**

—V. A.: Sempre, sempre. Non, eu non teño problemas co galego (durante dez anos e pico escribín unha columna diaria en galego poidendo facelo en español, con máis lectores, dicíannme). Así que mentres eu viva vai haber un galego-falante-escribinte. Distinto é que me manexe moi ben en español (tamén, disimula, en italiano e inglés).

—A. C.: **Como te relacionas coa poesía española ao vivir en Madrid? Canto caso che fan?**

—V. A.: Se me poño atopo quen me faga caso. De feito, formo parte dun grupo de vellos “rockers”, españois e saharauis, autores dunha escolma “A los cuatro vientos”, con que tamén rulo (e

ás veces saio a rolos). Mais o meu sistema literario é o galego, por máis que ás veces teña a impresión, e aínda a certeza, dunha certa orfandade. Mais non quero semellar da confraría da Virxe do Reproche. Nunca.

**—A. C.: E que pasa cos galegos e galegas que estamos aquí facendo literatura? Por que deben estar atentos e atentas os lectores da nosa literatura aos que andamos por aquí?**

**—V. A.:** Porque somos tan bos como os de alí, téndoo como o temos dobremente difícil. Un pouco como aquelas mulleres que escribían no século XIX. Unha delas, Rosalía, ademais en galego. Tres veces difícil, pois.

**—A. C.: En que traballo creativo andas agora?**

**—V. A.:** Na tese de doutoramento. Agardando a saída de *Xuvia-Neda* en español e *Cando fô-*

*ramos nevar* e argallando novela e contos. E artigos de opinión e crítica literaria. E bótalle fio ao papaventos da creatividade.

**—A. C.: Para que e por que escribir?**

**—V. A.:** Para que tantos anos despois chegue unha poeta galega, nada en Caracas, e me pregunte cousa tal. Para que me deixen en paz. Para que cando ela dorme saiba a laranxa brava. Para quen sabe onde, como, cando, que.

**—A. C.: Completa a frase. Se non escribises serías...**

**—V. A.:** Un náufrago, pero sen illa nin palmeira, e arrodeado de tabeiróns. Algo así.

**—A. C.: Moitísimas grazas, Vicente. Un pracer total. Bicos e ata a próxima.**